

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023/2024

EEI SAN BARTOLOMEU

LETICIA BARBADILLO VÁZQUEZ, MESTRA RESPONSABLE DO CENTRO

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS XERAIS:	4
2. DATOS XERAIS DO CENTRO:	4
a) Adscrición funcional do profesorado.....	4
b) Persoal non docente.....	5
c) Matricula do centro.....	5
e) Utilización das instalacións do centro.....	6
3. RECURSOS	6
4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDA- DE	7
5. MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO	9
6. CALENDARIO, XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	10
a) Calendario escolar e datas oficiais conmemorativas.....	10
b) Xornada escolar en sesión única.....	10
f) Horario no lectivo de obrigada permanencia no centro.....	12
g) Reunións trimestrais coas familias e tempo de atención individualizada de acción tutorial.	12
7. PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELA- CIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR	13
8. FORMACIÓN DO PROFESORADO	14
9. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	14
10. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLA- RES	15
11. ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	17



12. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL.....	19
13. OUTROS PLANS.....	19
14. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	20



1. OBXECTIVOS XERAIS:

- **Acadar** un bo clima de convivencia, aceptación e respecto entre todo o alumnado do centro e demais membros da comunidade educativa.
- **Promover** que o alumnado vaia adquirindo as competencias clave recollidas no *Decreto 150/2022, do 8 de setembro*, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Actualizar** a documentación obrigatoria do centro.
- **Manter** o uso da páxina web como unha xanela aberta á comunidade educativa, poñendo á súa disposición os documentos e a información pertinente.
- **Involucrar** ás familias no proceso educativo das súas fillas e fillos e na vida do centro.
- **Empregar** as canles oficiais para comunicarse coas familias (AbalarMóbil) e utilizar as ferramentas institucionais (Aula Virtual) para amosar as actividades que realizamos na escola.
- **Cooperar** co centro adscrito, o CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, tanto co Departamento de Orientación como para a formación continua da mestra titora e cantas outras actividades se propoñan.
- **Promover** a innovación educativa e os hábitos saudables do alumnado.
- **Continuar** coa colaboración que existe co Concello, para poder organizar actividades complementarias e poder levar a cabo as reformas necesarias no centro.

2. DATOS XERAIS DO CENTRO:

a) Adscrición funcional do profesorado

Titora aula mixta	Leticia Barbadillo Vázquez
Mesta especialista lingua estranxeira (inglés)	Nuria Pedreira del Río (itinerante)



Mestra relixión católica	María del Carmen Vázquez Regueiro (itinerante)
Orientadora do centro adscrito	María Isabel García Bruzos
Mestra especialista en audición e linguaxe	

b) Persoal non docente

Posto	Administración	Nome e apelidos
Persoal de limpeza	Concello	M. ^a Dolores López Pita

c) Matricula do centro

Curso	Alumnado matriculado
4º Educación Infantil	8
5º Educación Infantil	4
6º Educación Infantil	8

d) Localización de aula e dependencias

- **Aula do centro:** única dependencia interior do edificio, unha bañeira, un WC e lavabo infantil así coma un WC e lavabo de adulto.
- **Patio dianteiro** dentro do recinto da propia escola, equipado con mobiliario infantil e pendente de renovación.

**Neste punto cabe destacar que utilizamos diariamente unha gran finca natural situada na parte de atrás da escola, pertencente o bispado. A día de hoxe este organismo permítenos a utilización da mesma sen restricións. Nesta localización contamos entre outros recursos naturais, cun invernadoiro e unha pequena horta de plantas aromáticas.*



e) Utilización das instalacións do centro

Dentro da normativa vixente, a utilización do Centro, tanto por parte da comunidade educativa como da sociedade en xeral, sempre se realizará baixo os principios de:

- Non interferencia nos tempos lectivos.
- Para a utilización das dependencias do centro será preciso a solicitude previa á responsable do centro por parte dos interesados, indicando motivo, día e hora da actividade a realización.
- A utilización do patio dianteiro da escola é de acceso libre en horario non lectivo.

3. RECURSOS

Ningún proxecto pode realizarse sen un determinado tipo e número de recursos. Os recursos necesarios máis importantes son os recursos humanos. Os apoios que se precisan son moitos e de gran valor, e baséanse principalmente na colaboración, na participación, no traballo en equipo, na comunicación e na información. Estes recursos dividímolos da seguinte maneira:

Humanos	Mestra responsable do centro. Distintos sectores da comunidade: <ul style="list-style-type: none">• Mestres itinerantes• Apoio da ANPA (formada polas familias de alumnado matriculado no centro)• Apoio do persoal non docente• Apoio do persoal do Concello
Económicos	Orzamento de gastos de funcionamento. Apoio por parte do Concello.
Materiais	Recursos existentes no centro.



	Dotacións da Administración. Adquisicións necesarias en función das accións a realizar. Recursos aportados polo Concello.
--	---

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. O Decreto 229/2011 do 7 de decembro defínea como unha realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno, da singularidade de cada familia, das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A atención educativa a diversidade serán todas aquelas medidas e accións desexadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa. Dende o centro téñense en conta unha serie de **principios** para atender a diversidade:

- A atención a diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade interculturalidade e promoción da convivencia.
- A atención a diversidade abrangue a totalidade de alumnado.
- As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario no centro, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa, e de ser o caso, doutras administracións ou entidades.
- Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As extraordinarias levaranse a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- As nais, pais, titores legais recibirán, de forma individualizada a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos



centros educativos.

Así, tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto antes citado, recolle a importancia de empregar o deseño universal para a aprendizaxe (DUA), xa que "ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade; asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias".

Na nosa escola, contamos cun grupo de alumnas/os heteroxéneo, non só polas diferentes idades, sino porque cada quen ten unha bagaxe biolóxica, unhas experiencias, unhas habilidades, intereses e necesidades concretas.

Para atender a diversidade contamos con recursos internos, como o Departamento de Orientación do centro adscrito (CEIP Wenceslao Fernández Flórez), e con recursos externos, como o Equipo de Orientación Específico (EOE).

Dende o centro, en xeral, e dende a función titorial, en particular, lévanse a cabo unha serie de medidas para atender a diversidade. Por unha banda, medidas preventivas e de atención temperá, traballando cun enfoque multidisciplinar, entre as que se recolle a avaliación inicial que se lle realiza ó alumnado a principios de curso. Por outro lado, se fosen precisas lévaríanse a cabo medidas ordinarias e extraordinarias. As primeiras son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alterar significativamente os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Aplicaranse as seguintes:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro e aula:** Dividiremos o espazo adecuándonos as características e necesidades das nenas/os, o tempo será flexible e utilizaremos diferentes recursos para que tomen conciencia dos diferentes espazos da escola, así como para que interioricen as rutinas da aula.



- **Adecuación das programacións didácticas ao contorno:** Manteremos unhas rutinas estables e avisaremos ó alumnado cando haxa un cambio utilizando paneis anticipadores. Traballaremos a autonomía coa totalidade do alumnado, utilizando técnicas como o encadenamento cara atrás cando sexa necesario.
- **Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos,** titoría entre iguais moi adecuada para grupos de diferentes idades, aprendizaxe por proxectos e outros que promovan a inclusión como o Deseño universal de aprendizaxe.
- **Adecuación dos tempos e instrumentos de avaliación:** Cando avaliemos diferentes aspectos, teranse en conta as características e necesidades de cada infante, tentando sempre flexibilizar o tempo de resposta cando faga falta e en ocasións utilizar instrumentos visuais a hora de avaliar.
- **Reforzo educativo,** proponendo actividades de ampliación e reforzo, programadas baixo o DUA.
- **Programa de habilidades sociais:** Deseñaremos actividades orientadas a que xoguen e se relacionen, procurando a resolución pacífica de conflitos. Outro aspecto fundamental será o respecto polos demais e a autoestima e as emocións.

Por outra parte, as **medidas** extraordinarias defínense como aquelas dirixidas a dar resposta as necesidades do alumnado con NEAE, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Estas medidas aplicaranse sempre que se esgoten primeiro as ordinarias.

5. MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

O primeiro que teremos en conta é que só na medida en que se contén con materiais curriculares abertos e flexibles será posible poñer en marcha un currículo contextualizado ó contorno e poroso ás necesidades do alumnado que é en definitiva como se define o currículo da nosa comunidade autónoma, establecido no Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

Polo tanto e partindo desta premisa, os materiais didácticos tradicionais como os libros de



texto non serán usados, de forma que será o propio docente quen deseñe os materiais didácticos e curriculares a utilizar. Este material está adaptado ás necesidades, ritmos e procesos madurativos do alumnado, así como ás súas propias necesidades de aprendizaxe. Este curso escolar, desenvolveremos ao longo de todo o curso o proxecto "Quen somos, de onde vimos a onde imos?", centrado tanto na propia identidade das nenas e nenos como no seu contexto inmediato e histórico. Traballaremos, polo tanto, con materiais autoelaborados e coelaborados, adaptándonos aos centros de interese que vaian xurdindo dentro deste núcleo temático.

6. CALENDARIO, XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

a) Calendario escolar e datas oficiais conmemorativas

O calendario escolar establécese na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os días non lectivos escollidos para este curso son os mesmos que os seleccionados polo CEIP Wenceslao Fernandez Florez de Cambre que é o CEIP ó que estamos adscritos:

- 13 de outubro de 2023.
- 20 de maio de 2024.

b) Xornada escolar en sesión única

A xornada lectiva é de 9.30 a 14.30. Dispoñemos de servizo de "Mañanceiro" dende as 7.30h ofertado polo Concello de Cambre.

c) Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios xerais do centro

- A primeira sesión está destinada, preferentemente a asemblea coa mestra titora.
- A sesión anterior ó recreo que coincide coas merendas evitárase dentro do posible que coincida coa asistencia das mestras especialistas.
- Terase en conta a curva de fatiga definida por Kraëpeling á hora de programar actividades, deixando para as primeiras horas da mañá aquelas que requiren unha maior concentración e para as últimas horas as máis distendidas.



d) Horario lectivo xeral do centro

Dado que só contamos cunha aula no centro as sesións terán diferente duración en función da actividade que se realice en cada unha, intentando así adaptarnos ás necesidades dos nenos/as, sendo flexibles coa organización temporal. En xeral, as sesións son as seguintes:

1ª sesión	Entrada e asemblea
2ª sesión	Actividades do proxecto
3ª sesión	Merenda
12.00- 12.30	Recreo
4ª sesión	Relaxación e conto
5ª sesión	Recantos
14.00- 14.30	Asemblea final e rutinas de saída

e) Horario lectivo do persoal docente

Titora do centro	24h lectivas, 1 hora de garda, 5 gardas de recreo
Especialista Lingua estranxeira	1 sesión de lingua estranxeira e 1 hora e 45 minutos de apoio.
Especialista en AL	Pendente
Especialista en relixión	1 sesión



f) Horario no lectivo de obligada permanencia no centro

14.30-15.00 martes a venres (2h)	Atención o público e funcións directivas
Luns de 16.30-17.30	Hora de titoría
Luns de 17.30 a 18.30	Funcións directivas e de secretaría
Luns de 18.30-19.30	Funcións de titoría

g) Reunións trimestrais coas familias e tempo de atención individualizada de acción titorial

1º Trimestre (antes do comezo das clases)	Temas organizativos, normas, medios de comunicación, formas de organización, metodoloxía, actividades..
2º Trimestre	Problemas que poidesen xurdir ó longo dos primeiros meses. Recordatorio da participación e comunicación. Obxectivos acadados e desenvolvemento do curso.
3º Trimestre	Valoración da acción titorial, avaliación e crítica conxunta de como foi o curso. Propostas de mellora para o vindeiro curso.
Reunións extraordinarias	Calquera tema a tratar que poida xurdir ó longo do curso.
Titorías individuais	Antes de rematar o mes de novembro farase unha entrevista inicial a totalidade de familias independentemente do nivel que cursen, dado que a titora incorporouse ó centro no mes de setembro. O longo do curso faranse diversas titorías de seguimento e finais xa sexan solicitadas polas familias como pola mestra titora.



7. PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR

É obxectivo prioritario do plan de potenciación das relacións coas familias conseguir que a nosa escola sexa valorada pola comunidade escolar como un lugar participativo, onde se ofertan servizos de calidade e que se atopa próxima as necesidades dos cidadáns.

A relación do persoal do centro coas familias debe basearse na comunicación, a implicación destas na escola e no respecto. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titorías individuais, con motivo de informar e obter información das familias que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo. Usaremos ademais outros recursos dixitais como a aula virtual que permitirá as familias ver todo o que imos facendo na escola, así como Abalar móbil. Debido as características propias da nosa escola os momentos de entradas e saídas dos nenos e nenas permitiranos intercambiar información breve e puntual relativa a cada un.

Dende o centro dinamizaranse actividades nas que participen membros da comunidade educativa, na medida do posible, apoiándonos nas TICS.

O centro tentará soster unha estreita colaboración cos membros da Comunidade Educativa e aquelas entidades como o Concello, o ANPA, AAVV en todas aquelas facetas relacionadas coas necesidades do centro ou nas que o centro poida aportar a súa colaboración.

ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

Dado que nos atopamos nun centro de menos de 3 unidades os órganos de goberno unipersoais están formados tan so pola mestra responsable da escola. En canto aos órganos de goberno colexiados contamos por unha parte co Consello Escolar e por outra parte co Claustro, formado por todas as docentes que imparten clase no centro. Por outra parte, todas as funcións dos órganos de coordinación docente son asumidas polo claustro.

A **composición** do **Consello Escolar** é a seguinte:

- ✓ Presidenta: Leticia Barbadillo Vázquez.



- ✓ Representante do Concello: Ana Rodríguez López.
- ✓ Representante de Nais e Pais: Nuria Sánchez Aldao.

Este órgano colexiado **reunirase** como mínimo tres veces no curso escolar:

- ✓ Principio de curso: aprobación da PXA
- ✓ Xaneiro: Aprobación da Xestión Económica.
- ✓ Final de curso: Aprobación da Memoria Anual.

*Sen prexuízo de que se poidan facer reunións de tipo extraordinario cando sexa preciso.

8. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este curso o plan de formación do profesorado para a mestra responsable é o seguinte:

- Formación no PFPP do Centro Adscrito.

Os cursos a maiores que se realicen, así como outras actividades formativas, detallaranse na memoria de final de curso.

9. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Dentro da programación, ocupa un lugar importante a potenciación da lingua galega no marco da Lei de Normalización Lingüística e por iso procuramos acadar esencialmente os seguintes obxectivos:

- Espertar no/a neno/a o unha relación afectiva positiva e necesidade de uso da Lingua da súa Comunidade.
- Valorar e estimar o uso da lingua galega.
- Empregar o galego nas comunicacións oficiais da escola.
- Potenciar o uso da lingua galega nas actividades que se realicen na escola e na relación coas familias.
- Dinamización do uso da lingua a través de actividades diarias, contos, poesías,



cancións, retahilas... Tanto na escrita como na fala.

- Coñecer e gozar da cultura tradicional galega coas festas tradicionais como o magosto, o entroido e os maios, entre outras.

10. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

No actual sistema educativo as actividades complementarias e extraescolares adquiren unha relevancia especial. Os principios educativos que inspiran a acción docente e a planificación nos centros, fan imprescindible a incorporación de este aspecto, non só á práctica docente senon tamén á práctica organizativa e de funcionamento.

Cómpre determinar e diferenciar ben os dous conceptos. Deste xeito, teñen o carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan con alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Pola contra, denomínanse **extraescolares** aquelas actividades que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra dese horario lectivo e sendo de participación voluntaria.

A continuación, relaciónanse as **conmemoracións** que se van levar a cabo no curso 2022/2023, tendo en conta a Orde do 20 de maio do 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e outras que se engaden a maiores:

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Samaín. ✓ Magosto. ✓ 20 de novembro: Día Universal da Infancia ✓ 25 de novembro de 2021: Día internacional contra a violencia de xénero. ✓ 30 de novembro ó 7 de decembro: Conmemoración da
---------------------	---



	<p>Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none">✓ 3 de decembro: Día internacional das persoas con discapacidade.✓ 10 de decembro de 2021: día da declaración Universal dos Dereitos Humanos.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">✓ 24 de xaneiro: Día internacional da educación.✓ 30 de xaneiro: Día escolar de la no violencia y de la Paz.✓ 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.✓ 8 de marzo: Día internacional da muller.✓ 15 de marzo: día mundial de los dereitos del consumidor.✓ 7 ó 11 de marzo: Semana da prensa.✓ 1 de abril: Día das Artes Galegas.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">✓ 7 de abril: Día mundial da saúde.✓ 17 o 21 de abril: Semana do Libro.✓ 2 de maio: Día internacional contra o acoso escolar.✓ 9 de maio: Día de Europa.✓ 13-17 de maio: Semana das letras galegas.✓ 5 xuño: día mundial do medio ambiente✓ Xuño: actividades específicas pola igualdade de trato e a non discriminación do colectivo LGTBI+.

En principio, e dada a situación da aula mixta e a dificultade para a obtención de acompañantes, non se prevé a realización de saídas. No caso de producirse, aprobaríanse en Consello Escolar e se incorporarían á memoria anual.



11. ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

Na actualidade a Escola conta co servizo de “Mañanceiro” ofertado polo Concello de Cambre:

- Datas: dende o comezo do curso escolar ata o remate do mesmo (setembro 2022-xuño 2023).
- Horario: 7.30 a 9.30.
- Modalidade: Sen almorzo.
- Lugar de realización: Aula da escola.
- Nome da empresa: A Billarda (Vitae).
- Monitoras: terán as chaves do colexio e serán as familias as que leven os nenos/as.
- Seguro de accidentes: Os participantes teñen seguro de accidentes. As monitoras teñen os partes do seguro por se lle pasara algo a algún infante, que deberán cubrir nese caso e presentallo á persoa que vaia co alumno/a ó hospital ou centro sanitario ao que acudan. O traslado do alumno/a accidentado deberá ser en ambulancia, se o pai/nai ou titor non poden acudir a polo seu fillo/a ou é moi urxente.

As **actividades** realizadas nese período de tempo estarán relacionadas co fomento de hábitos saudables de vida, consumo, alimentación e utilización do tempo baleiro temas relacionados coa igualdade entre mulleres e homes e de erradicación da violencia de xénero e estarán adaptadas ás idades dos nenos e nenas cos que se vaia a traballar. En todo caso, deberán contemplar: actividade motriz, plástica, música, animación teatral, animación á lectura e medios audiovisuais.

Os **obxectivos** do programa son os seguintes:

- Conciliar a vida laboral e familiar.
- Ampliar o horario de apertura do centro.
- Optimizar o uso de instalacións do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

EI DE SAN BARTOLOMEU

R/ San Bartolomeu, s/n- Pravio CAMBRE – 15668

Teléfono: 629587803

Correo electrónico: eei.sanbartolomeu@edu.xunta.es

15019608

- Incrementar a oferta de servizos educativos.

Os **datos** de interese son:

Nome da empresa	Vitae Coruña
Coordinadora Territorial A Coruña	Nátali Blanco Ferrol
Horario	07:30-09:30
N.º de monitoras	2
N.º de alumnado inscrito	11 (8 mes completo e 3 días soltos)



12. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

Cumprindo os requerimentos institucionais, o plan dixital de centro atópase en elaboración mediante a ferramenta EduCalidade, e se atopará a disposición de consulta na mesma cando estea elaborada. Porén, recóllense aquí os obxectivos do curso:

- Achegar ao alumnado o uso das ferramentas dixitais do centro -especialmente o panel interactivo- como elementos funcionais da vida da aula, utilizándoos de xeito contextualizado e seguro para a procura e elaboración de información.
- Aproveitar as posibilidades das ferramentas interactivas -páxina web, Abalar, correo electrónico- para a dinamización da comunidade educativa.

13. OUTROS PLANS

O situación inusual da escola, pola cal a mestra responsable vén variando de curso a curso polo menos os últimos catro cursos, supón unha circunstancia que complica o establecemento de plans e obxectivos a medio prazo. Así, neste momento a escola non conta con documentación como Plan de Lectura ou Plan de Igualdade. Malia recollerse como o obxectivo a actualización da documentación do centro nesta programación anual, establécense aquí algúns obxectivos relacionados con estes documentos, en concreto:

- Plan de lectura:
 - Priorización do tempo de lectura compartida diaria do conto.
 - Incorporación de tempos estruturados de lectura individual silenciosa na rutina semanal.
 - Ordenación da biblioteca para favorecer o seu uso e mantemento de orde autónomo.



- Plan de igualdade:
 - Establecemento de tarefas de corresponsabilidade no funcionamento da aula mediante a figura das parellas de persoas encargadas.
 - Incorporación da investigación activa de xénero relativa ás actividades da aula: tempos e lugares de xogo, uso da palabra, responsabilidade das tarefas...

14. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación enténdese como unha actividade investigativa e facilitadora do desenvolvemento profesional docente. Pérez Juste (1993), considéraa como un proceso sistemático de recollida de información rigorosa para a mellora. Na medida na que se centre na observación dos procesos e no análises das tarefas recollerase información de gran riqueza e valor para a mellora dos procesos de ensinanza- aprendizaxe. A avaliación e a autocrítica de todo o que implica o proceso de ensinanza aprendizaxe será o que permita mellorar a nivel docente e nivel de centro e, en definitiva, a calidade da educación.

Todas esas conclusión e autocríticas deben reflexarse nun plan de mellora que nos permita ser conscientes dos puntos fortes para mantelos e dos puntos débiles para poder melloralos.

Polo tanto, a finais de curso reflexaremos este balanza nunha memoria final onde tamén se destacarán cales son as medidas que deben tomarse para corrixir as posibles deficiencias de cara o próximo curso escolar.